



2016-1571

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A INCORPORACIÓN DA UNIVERSIDADE DE VIGO AO
CONTRATO CENTRALIZADO PARA O SERVIZO DE COMUNICACIÓNS POSTAIS E TELEGRÁFICAS
DA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

En Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2016

REUNIDOS:

Dunha parte, don Alfonso Rueda Valenzuela, na súa condición de Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando de conformidade co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e co disposto no Decreto 230/2012, de 2 de decembro, polo que é nomeado vicepresidente da Xunta de Galicia, e no Decreto 229/2012, polo que se nomean os titulares dos Departamentos da Xunta de Galicia.

Doutra parte, don Salustiano Mato de la Iglesia, na súa calidade de Reitor da Universidade de Vigo, actuando en nome e representación do mesmo e en virtude das atribucións que lle confire o artigo 20.1 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

Ámbalas dúas partes recoñécense competencia e capacidade, respectivamente, para formalizar o presente convenio de adhesión ao contrato centralizado para o servizo de comunicacións postais e telegráficas da Comunidade Autónoma de Galicia.

En virtude do anterior,

EXPOŇEN

- I. O artigo 20.2 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, sinala que o Consello da Xunta creará unha comisión interdepartamental que determinará, no ámbito da Administración Xeral da Comunidade Autónoma e do seu sector público, as subministracións, obras, servizos e calquera outra prestación que, polo seu carácter común, se poidan contratar de forma xeral e con características esencialmente homoxéneas para os diferentes órganos e organismos.
- II. O Consello da Xunta celebrado o 20 de febreiro de 2014, acordou a creación dunha comisión interdepartamental que, entre as súas funcións, asumiu elaborar a proposta deste catálogo único, que integre os de todos os órganos da administración xeral e do sector público autonómico.
- III. O Consello da Xunta celebrado o 18 de setembro de 2014 acordou a aprobación do catálogo de medios e prestacións que serán susceptibles de contratación centralizada.
- IV. O anexo II do citado acordo sinala como prestación susceptible de contratación centralizada os servizos postais e telegráficos e establece como departamento



ADMINISTRACIÓN PÚBLICA Y JUSTIZA
FISCALÍA GENERAL DE LA ECONOMÍA
CONFORME CO-ORDINADA
galicia
12 ABR. 2016
A FUNCIONARIA

Universidade de Vigo

encargado da contratación a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

- V. O artigo 20.5 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, establece que as entidades locais, universidades e os restantes entes, organismos e entidades do sector público poderán adherirse ao sistema autonómico de prestacións homologadas de contratación centralizada mediante os oportunos convenios de colaboración.

No mesmo senso, o artigo 205.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, contempla a posibilidade de que as entidades do sector público se adhiran aos sistemas de contratación centralizada establecidos polas Comunidades Autónomas mediante a formalización do correspondente acordo.

- VI. Esta adhesión realízase, previa solicitude da entidade interesada, mediante a suscripción do presente convenio pola persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e co disposto no Decreto 230/2012, de 2 de decembro, polo que é nomeado vicepresidente da Xunta de Galicia, e no Decreto 229/2012, polo que se nomean os titulares dos Departamentos da Xunta de Galicia e a persoa designada pola Universidade de Vigo con capacidade de representación e capacidade aos efectos do cumprimento do presente convenio.
- VII. Tendo en conta as vantaxes asociadas á incorporación a un sistema de contratación centralizada (obtención de economías de escala e redución de custes administrativos, fundamentalmente) a Universidade de Vigo solicitou a súa adhesión á contratación centralizada nos termos que se establecen no presente convenio.

En consecuencia, as persoas asinantes acordan subscribir o presente convenio de adhesión de conformidade ás seguintes

CLÁUSULAS

- ## 1. ОБЪЕКТ

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases e condicións mediante as que a Universidade de Vigo se incorpora ao contrato centralizado para o servizo de comunicacións postais e telegráficas da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia. No anexo I deste convenio especificanse os lugares de





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
COMPULSADO E CONFORME co orixinal

Santiago 12 ABR. 2016

A FUNCIONARIA

Universidade de Vigo

recollida nos que a empresa adxudicataria deberá recoller os envíos que serán obxecto de facturación.

II. DESENVOLVEMENTO DA COLABORACIÓN ENTRE AS PARTES

II.1. Obrigas da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza manterá informada á Universidade de Vigo das adxudicacións realizadas, así como dos termos subscritos coas empresas adxudicatarias.

A información a que se refire o apartado anterior será subministrada aos órganos que indique a Universidade de Vigo, especificando o seu enderezo electrónico.

II.2. Obrigas da Universidade de Vigo

II.2.1. No caso de ser necesario, a Universidade de Vigo poderá manter unha relación directa coa entidade adxudicataria do correspondente contrato con respecto á operativa de prestación do Servizo. Poñer en coñecemento da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza os defectos na prestación do servizo para a adopción das medidas oportunas.

II.2.2. Cumprir con todas as obrigas e condicións establecidas no contrato centralizado.

II.2.3. Efectuar a recepción dos servizos prestados, que deberán coincidir coas características e prezos que se establezan no contrato centralizado, así como o abono do prezo e das posibles revisións que se fará efectivo conforme as previsións establecidas no Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público. No anexo que se acompaña detállanse os puntos de recollida e entrega da documentación da Universidade de Vigo.

III. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio, constituirase unha Comisión Mixta, integrada por dous representantes de cada unha das partes asinantes do Convenio.

A Comisión poderá ditar as súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir cando así o solicite algunha das partes. As súas funcións serán:

Proposta, de ser o caso, de addendas.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
COMPUTACIÓN E CONFORME co orixinal
Santiago 12 ABR. 2016

Universidade de Vigo

A FUNCIONARIA

- Coordinación das funcións de ambas as dúas partes asinantes do convenio.
- Resolución de controversias e conflitos que se poidan formular sobre a interpretación e execución do presente convenio.
- Calquera outras relacionadas co desenvolvemento deste convenio.

IV. VIXENCIA

A adhesión producirá efectos desde o día seguinte á data da firma do presente convenio e manterá a súa vixencia durante catro anos, sen prexuízo da posibilidade de prorrogalo polo tempo que as partes estimen conveniente.

Non obstante, será causa de resolución o mutuo acordo de ambas partes ou o incumprimento grave das obrigas sinaladas neste convenio por algunha das partes

V. RESOLUCIÓN DE LITIXIOS

A resolución de controversias e conflitos que se poidan formular sobre a interpretación e execución do presente convenio de adhesión deberán resolverse de mutuo acordo das partes, no seno da Comisión mixta de seguimento. Se non puideran alcanzar dito acordo, as posibles controversias deberán ser resoltas tal e como dispón o artigo 44 de Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

E, en proba de conformidade o asinan por duplicado exemplar, os intervinientes no lugar e data sinalados no encabezamento.

O Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza

O Reitor da Universidade de Vigo

Alfonso Rueda Valenzuela

Salustiano Mato de la Iglesia



XUNTA DE GALICIA

galicia

Universidade de Vigo
CONSILLERÍA DE POLÍTICA DE INVESTIGACIÓN
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
COMPULSADO E CONFORME co orixinal

Santiago 12 ABR. 2016

A FUNCIONARIA

Anexo I

RESUMEN RECOLLIDAS E ENTREGAS UNIVERSIDADE DE VIGO

1.-CAMPUS DE VIGO:

Produtos Postais non urxentes:

- Entrégase na rúa Areal, sobre as 07:45
- Recóllese na mesma dirección, sobre as 14:15

Produtos Paquetería (Paq72 y 48) e Postal Exprés Internacional:

- Recóllense na Conserxería da Xerencia, así como a valixa
- Entréganse en Conserxería das Facultades, Edif. Miralles, CITEXVI

2.-CAMPUS DE PONTEVEDRA

- Entrégase en cada Facultade
- Recóllese nun punto centralizado: Facultade de Forestais

3.-CAMPUS DE OURENSE:

- Pola mañá lévase a valixa do Campus á biblioteca, onde a abren, collen o que é seu e meten outras cousas dentro que van dirixidas para o Edificio de Ferro que se atopa na Rúa Doutor Temes e outras soltas que van ao descuberto para a facultade de dereito que se entregan en man.
- Pola tarde á 15:30 Horas, faise o mesmo percorrido pero en sentido inverso, primeiro recóllese na facultade de Dereito, despois vaise ao Edificio de Ferro na rúa Doutor Temes onde se fan o primeiro intercambio e recollese a valixa que se leva posteriormente á biblioteca onde volven a facer un intercambio de documentos para traela definitivamente ao Pavillón de Ourense, para darlle a correspondente saída na condución.

